



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Setembro 2024

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2024

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade do sector servizos. Base 2021. Setembro 2024


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de setembro en Galicia un crecemento do 0,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa superior en 1,2 puntos á do mes de agosto. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 2%, taxa superior en 0,8 puntos á do mes anterior.
- A cifra de negocios aumenta en dezaseis comunidades autónomas no mes de setembro.
- O persoal ocupado no sector servizos crece en Galicia un 1% e en España un 1,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumenta o persoal ocupado no mes de setembro.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de setembro en Galicia un crecemento do 0,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa superior en 1,2 puntos á do mes de agosto. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 2%, taxa superior en 0,8 puntos á do mes anterior.



O *Comercio*, cun decrecemento do 2,1%, resta 1,5 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 7,9%. En España a facturación no *Comercio* redúcese o 0,6% e os *Outros servizos* medran o 6,5%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* rexistra unha diminución do 4,8% e o *Comercio ao retalho* diminúe o 1,1%, co que restan 2,3 e 0,2 puntos respectivamente a taxa de variación do índice xeral. A *Venta e reparación de vehículos de motor* crece o 20,4% e achega 1 punto á taxa de variación do índice xeral. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* diminúe o 2,7% mentres que a *Venta e reparación de vehículos de motor* crece o 7,5% e o *Comercio ao retalho* o 0,9%.

Nos *Outros servizos*, os maiores crecementos rexístranse no *Transporte* (14,1%) e nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (11,7%).

En España, os *Outros servizos* crecen o 6,5%. O maior incremento prodúcese nas *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (10,2%).

No acumulado do ano, a cifra de negocios aumenta un 1,8% en Galicia e un 2,6% en España. A *Venta e reparación de vehículos de motor* rexistra o maior incremento tanto en Galicia como en España mentres que *Comercio por xunto* é o sector con maior caída, -3% en Galicia e -1,9% en España.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice crece o 4,8% no mes de setembro.


O sector con maior incremento é o *Transporte* (13,3%).

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 0,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 4,7%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de setembro, a cifra de negocios aumenta en dezaseis comunidades autónomas respecto ao mesmo mes do ano anterior. La Rioja (8,2%), Extremadura (7,4%) e Cantabria (6,2%) son as comunidades con maior incremento da facturación. En Madrid a facturación diminúe un 0,6%.

Nos primeiros nove meses do ano, a cifra de negocios aumenta en quince comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en La Rioja (10,2%), Illes Balears (6,6%) e Cantabria (5,4%). Diminúe a facturación en Aragón (-0,6%) e País Vasco (-0,2%).

Índices de cifra de negocios. Setembro 2024

Taxa de variación en %




2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 1% respecto ao mes de setembro de 2023, menos que en España (1,6%).

O persoal ocupado crece un 0,7% no *Comercio* e un 1,2% nos *Outros servizos*. O sector con maior incremento é *Venta e reparación de vehículos de motor* (6,4%).

En España, o persoal ocupado aumenta un 1,6% tanto no *Comercio* coma nos *Outros servizos*. O maior crecemento rexístrase nas *Actividades administrativas e de servizos auxiliares* (2,2%).



No que vai de ano, a ocupación aumenta un 1,5% en Galicia e un 1,9% en España. *Información e comunicacións* rexistra o maior incremento en Galicia. En España, os maiores crecementos rexístranse en *Hostalería e Actividades administrativas e servizos auxiliares*.


2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas incrementan o emprego no sector servizos no mes de setembro con respecto ao mesmo mes do ano 2023. O maior crecemento rexístrase en Canarias (3,6%) e o menor en Extremadura e Asturias (0,2%).

No acumulado do ano, todas as comunidades incrementan o persoal ocupado, rexistrando o maior crecemento Canarias (3,4%).

Índices de persoal ocupado. Setembro 2024

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Setembro 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	131,2	0,6	1,8
Comercio	129,1	-2,1	0,3
Venta e reparación de vehículos de motor	143,7	20,4	21,7
Comercio por xunto	131,3	-4,8	-3,0
Comercio ao retallo	117,9	-1,1	3,4
Outros servizos	136,9	7,9	5,9
Transporte	144,3	14,1	5,2
Hostalería	182,6	-0,9	3,8
Información e comunicacións	129,4	8,9	13,8
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	106,5	-3,5	4,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	123,2	11,7	5,5
España			
Xeral	123,5	2,0	2,6
Comercio	117,1	-0,6	0,9
Venta e reparación de vehículos de motor	129,3	7,5	8,7
Comercio por xunto	112,6	-2,7	-1,9
Comercio ao retallo	123,3	0,9	3,8
Outros servizos	135,3	6,5	5,8
Transporte	133,1	7,8	3,9
Hostalería	179,1	6,3	8,1
Información e comunicacións	119,6	2,9	5,1
Actividades inmobiliarias	116,1	3,3	3,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	122,4	10,2	7,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	163,5	6,7	6,9

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Setembro 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	139,3	4,8	6,0
Comercio	129,4	2,7	5,5
Transporte	140,4	13,3	5,9
Hostalería	198,3	-0,2	4,0
Información e comunicacións	133,8	8,7	12,6
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	111,4	4,1	11,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	115,6	9,8	5,7

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Setembro 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	123,5	2,0	2,6
Andalucía	122,5	1,7	4,2
Aragón	118,4	3,0	-0,6
Asturias	132,4	4,4	4,8
Balears, Illes	182,0	6,1	6,6
Canarias	146,8	5,6	5,0
Cantabria	123,8	6,2	5,4
Castilla y León	117,9	3,5	3,6
Castilla-La Mancha	120,4	3,9	4,5
Cataluña	122,0	2,2	3,3
Comunitat Valenciana	120,4	5,0	4,5
Extremadura	126,2	7,4	3,4
GALICIA	131,2	0,6	1,8
Madrid	119,4	-0,6	0,4
Murcia	115,6	4,1	2,2
Navarra	129,1	1,2	5,2
País Vasco	120,7	1,6	-0,2
Rioja, La	130,3	8,2	10,2

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Setembro 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	107,2	1,0	1,5
Comercio	104,1	0,7	0,6
Venta e reparación de vehículos de motor	101,3	6,4	3,6
Comercio por xunto	104,2	1,0	0,8
Comercio ao retallo	104,6	-0,5	0,0
Outros servizos	109,2	1,2	2,0
Transporte	103,9	2,4	1,6
Hostalería	119,0	0,2	1,4
Información e comunicacións	112,2	2,1	3,7
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	107,8	2,0	2,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	105,7	0,7	2,1
España			
Xeral	109,2	1,6	1,9
Comercio	105,3	1,6	1,8
Venta e reparación de vehículos de motor	104,9	1,8	2,2
Comercio por xunto	103,0	1,3	1,6
Comercio ao retallo	106,8	1,7	1,9
Outros servizos	111,4	1,6	1,9
Transporte	108,2	0,7	1,2
Hostalería	121,5	2,1	2,3
Información e comunicacións	111,6	1,0	2,0
Actividades inmobiliarias	101,1	-0,1	-0,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	107,4	1,6	1,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	108,3	2,2	2,3

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Setembro 2024**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	109,2	1,6	1,9
Andalucía	108,9	1,5	1,7
Aragón	105,8	2,1	2,1
Asturias	107,0	0,2	1,3
Baleares, Illes	131,8	0,6	1,8
Canarias	114,1	3,6	3,4
Cantabria	106,2	0,9	1,3
Castilla y León	104,6	1,0	1,1
Castilla-La Mancha	107,0	0,9	1,1
Cataluña	110,2	1,8	2,2
Comunitat Valenciana	104,2	1,6	1,4
Extremadura	107,0	0,2	0,9
GALICIA	107,2	1,0	1,5
Madrid	111,1	2,0	2,2
Murcia	106,9	0,8	1,8
Navarra	107,3	1,3	1,2
País Vasco	105,7	1,3	1,2
Rioja, La	106,6	0,8	1,8

Fonte: INE